

**ESTUDO DE CUSTOS PARA A MODIFICACIÓN DAS TAXAS QUE GRAVAN O
APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA.
(ORDENANZAS FISCAIS NÚMEROS 152
E 153)**

1. Fórmula para o cálculo de taxas por utilización de solo público

1.1. Consideracións previas

O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, regula nos seus artigos 24 e 25 o cálculo das taxas polos supostos de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

O importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local fixarase, con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público (artigo 24 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo).

Para estimar o valor de mercado dos bens afectados e o valor da utilidade obtida pola utilización privativa, ou aproveitamento especial do dominio público municipal, partimos de dous criterios básicos:

a) Os suxeitos pasivos desta taxa solicitan a autorización para utilizar o dominio público local porque esperan obter unha rentabilidade, que hipoteticamente poderá medirse en termos económicos.

b) Se os bens de dominio público afectados pertenceran a un propietario privado, este esixiría unha determinada cantidade como prezo para permitir o seu uso. Asimilaremos dalgún xeito a posición do Concello coa que puidera corresponder a un arrendador propietario dun solo equivalente ao utilizado e considerando a duración e a intensidade do aproveitamento, entre outras.

A este respecto débese significar que o valor catastral é unha das variables que con maior frecuencia se utiliza polas entidades locais como referentes para calcular o valor que tería no mercado a utilidade derivada da dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público, tal e como esixe o artigo 24 antes mencionado.

En realidade se trata de lograr unha aproximación obxectiva ao valor no mercado do solo público, tendo en conta que a dificultade do seu cálculo é grande, xa que en realidade se pretende valorar un solo sobre o que non existe mercado, isto é, non existe nin oferta nin demanda.

Por tal motivo no presente estudo seguiranse os criterios aos que fai referencia o informe de fiscalización da xestión da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local aprobado polo Pleno do Tribunal de Cuentas (BOE núm. 36 do 11 de febreiro de 2009), o cal no seu punto 5.1.3 establece o seguinte:

"[...] o valor de mercado, que a norma claramente impón ás Corporacións locais como referencia para fixar as tarifas desta taxa, de xeito que quede excluída a discrecionalidade administrativa na súa cuantificación, impide fixar as tarifas da taxa en función de parámetros distintos da utilidade obtida, que dacordo coa doutrina inclúe a intensidade de uso do ben, e o seu eventual valor de mercado, pero non a modalidade do uso ou outros criterios como a rentabilidade esperada. Por iso, usos diferentes pero igualmente intensos do mesmo ben non deberían verse gravados por contías distintas da taxa. Neste senso, a doutrina considerou como valor de mercado o que costaría o arrendamento do solo público se fora privado, tendo en conta, en primeiro lugar, o valor de adquisición do solo segundo a súa zona ou categoría, e adicionalmente a duración do aproveitamento e a superficie ocupada.

A maioría dos Concellos, en defecto dun verdadeiro valor de adquisición a prezos de mercado, consideran como valor do solo o valor catastral, corrixido ou sen corrixir, o cal debe de considerarse en todo caso coma un valor mínimo. Non obstante, a efectos da análise dos informes técnico-económicos, se considerou que os Concellos que parten dos valores catastrais do solo para o cálculo da utilidade, se aproximan ao valor de mercado".

Tendo en conta este criterio, para o cálculo do importe pola utilización ou aproveitamento especial do dominio público calcularase o valor catastral do solo urbano, que terá o carácter de valor base. A este valor aplicaráselle un coeficiente reductor que permite alcanzar o valor da utilidade, o cal se incrementará ou reducirá, en función dunha serie de coeficientes que ponderen, entre outros, a duración, a superficie ou a intensidade do uso, e que posteriormente comentaremos.

1.2 Cálculo do valor da utilidade derivada do aproveitamento especial do dominio público municipal

Ao obxecto de aplicar o criterio sinalado no punto anterior, tómanse do padrón do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana do exercicio de 2022 os datos do valor catastral do solo urbano e a súa superficie, que ascenden a 1.136.029.884,30€ e 17.428.203 m², respectivamente.

Coa finalidade de ponderar o valor de mercado dos solos obxecto dos diferentes aproveitamentos especiais segundo a súa ubicación xeográfica na cidade, obtéñense eses mesmos datos agrupados segundo a categoría fiscal das distintas rúas, resultando os seguintes valores:

	Valor catastral do solo	Superficie
Rúas de 1ª categoría	370.743.895,84 €	96.1780 m2
Rúas de 2ª categoría	239.931.840,02 €	1.163.810 m2
Rúas de 3ª categoría	201.401.921,78 €	1.698.394 m2
Rúas de 4ª categoría	173.981.842,23 €	5.062.520 m2
Rúas de 5ª categoría	149.970.384,43 €	8.541.699 m2
TOTAL	1.136.029.884,30 €	17.428.203 m2

Tendo en conta que o valor catastral determinase aplicando o coeficiente de relación al mercado "RM" de 0,5 (establecido mediante Resolución do 15 de xaneiro de 1993 do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria – BOE do 27 de xaneiro de 1993-), resultan os seguintes valores de mercado e valores por metro cadrado nas distintas categorías fiscais de rúas:

	Valor mercado do solo	Superficie	Valor de mercado por m²
Rúas de 1ª categoría	741.487.791,68 €	96.1780 m2	770,95 €/m2
Rúas de 2ª categoría	479.863.680,04 €	1.163.810 m2	412,32 €/m2
Rúas de 3ª categoría	402.803.843,56 €	1.698.394m2	237,17 €/m2
Rúas de 4ª categoría	347.963.684,46 €	5.062.520 m2	68,73 €/m2
Rúas de 5ª categoría	299.940.768,86 €	8.541.699 m2	35,11€/m2
TOTAL	2.272.059.768,60 €	17.428.203 m2	130,37 €/m2

Para chegar a unha aproximación razoable do valor do dereito á utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, aplicaranse as normas especiais de valoración recollidas no Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Segundo o artigo 10.2.a) do mencionado corpo legal "O valor do usufruto temporal reputarase proporcional ao valor total dos bens, en razón do 2% por cada período dun ano, sen exceder do 70%".

Polo tanto, resulta:

	<u>Valor de mercado por m²</u>	<u>Valor do usufructo (2% anual)</u>
Rúas de 1ª categoría	770,95 €/m2	15,42 €/m2
Rúas de 2ª categoría	412,32 €/m2	8,25 €/m2
Rúas de 3ª categoría	237,17 €/m2	4,74€/m2
Rúas de 4ª categoría	68,73 €/m2	1,37€/m2
Rúas de 5ª categoría	35,11€/m2	0,70€/m2
Rúas sen categoría fiscal	130,37 €/m2	2,61€/m2

A cifra final obtida mostra a rentabilidade esperada por un propietario privado do solo municipal, que permita o aproveitamento do solo, subsolo e voo do mesmo.

1.3 Expresión da fórmula de cálculo

A finalidade deste estudo consiste en chegar a unha fórmula que permita calcular, dun xeito obxectivo, as taxas pola utilización ou aproveitamento especial do dominio público.

Para iso, ponderarase o valor da utilidade do solo expresado na derradeira táboa, entendendo que éste é o valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento especial dun metro cadrado do dominio público local se éste fora de carácter privado, mediante unha serie de coeficientes que se comentan a continuación e que variarán en función do uso que se lle dea ao solo en cada caso.

A expresión da fórmula é a seguinte:

$$\text{TAXA} = M * C1 * C2 * C3 * \dots$$

Onde:

- "M" é o valor de mercado da utilidade do solo por categoría de rúa expresada en euros por metro cuadrado e ano.
- "C1, C2, C3, etc." son os coeficientes de ponderación en función aos seguintes criterios:

C1, coeficiente de tempo de utilización: o módulo xeral M refírese a unha rentabilidade por ano, polo que este coeficiente se refire ao tempo de utilización do solo público, sendo $C1 = n/365$ (n é o número de días ou fracción que dura a utilización do solo público).

C2, coeficiente de superficie utilizada: o módulo xeral M refírese a un metro cadrado de superficie utilizada, polo que $C2 = s \text{ m}^2$ (s é a superficie de solo público ocupada).

C3, coeficiente de molestias ocasionadas.

A principal molestia da utilización privativa do dominio público é o impedimento ou a dificultade do tránsito peonil e a ocupación das zonas de tránsito.

Tamén xeráanse outros tipos de molestias como os ruidos (por acumulación de persoas nas vías públicas, tódolos derivados da actividade constructiva, pola circulación de vehículos), vibracións derivadas da actividade constructiva e paso vehículos, cheiros.

O valor deste coeficiente varía en función do grao de molestia ocasionada:

- Alta: 3
- Media: 2
- Baixa: 1

As consideracións sinaladas conlevan que as molestias que xeran as ocupacións de dominio público obxecto deste estudo sexan consideradas altas, agás a pasaxe industrial para as actividades en polígonos, que ao estar concentrada a súa actividade nos polígonos industriais, fora de núcleos de poboación as molestias xeradas consideráanse de tipo medio, considerándose que afectan con menos intensidade á cidadanía.

Así mesmo, a principal molestia causada pola ocupación con mesas é principalmente o ruído xerado pola acumulación das persoas que as ocupan, poidéndose considerar estas molestias de grao medio.

C4, coeficiente de risco: aplicable cando exista algún risco inherente ao uso do solo público.

A actividade de construción é unha actividade da que poden derivarse accidentes e sinistros, así podemos destacar como principais riscos asociados a ocupación do dominio público derivada da actividade de construción:

Son factores de risco no uso de andamios, estadas, de obras, as caídas en altura, o posible movemento ou envorco do andamio, caída de materiais.

Son factores de riesgo no uso de puntuais , caídas das persoas, caídas en altura, routuras, deslizamento dos puntuais.

Riesgos inherentes dos valados son caídas das persoas ao mesmo o distinto nivel, caídas de obxectos, vuelcos dos valados.

No suposto de plataformas elevadores, poden darse caídas ao mesmo o distinto nivel, vuelcos dos equipos, caídas de materiais sobre persoas ou bens, contactos eléctricos, directos ou indirectos, golpes, choques ou atrapamentos da propia plataforma contra obxectos fixos ou móbiles, atrapamento entre algunha da partes móbiles da estrutura e entre esta e o chasis. Incendios ou explosións.

En canto aos camións bombeadores, riscos por esveramento, proxeccións de obxectos (reventón de tubería ou saída da pelota limpadora), golpes por obxectos que vibran.

Os principais riscos nas grúas atópanse as vuelcos ou caídas en altura, caídas da carga, caídas de materiais diversos das obras, desprazamentos, desplomes.

Considerándose estes tipos de risco de tipo medio.

Polo que se refire a ocupación do dominio público con entrada de vehículos o principal risco inherente nas entradas e reservas de vehículos e un risco medio de atropelo das persoas, ao mixturarse o paso dos vehículos e dos peons, no mesmo dominio público.

O resto das reservas especiais, e da pasaxe comercial limitada para obras de construción, hai que engadir os riscos inherentes a actividade constructiva (coma as caídas obxectos na realización obras...) así como dos derivados da aproximación á zona de descarga, as caídas de obxectos ao realizar as mundanzas...convirtíndoo nun risco moi alto.

Polo que se refire a ocupación con mesas a cadeiras, existe un risco moi baixo de colisións entre persoas.

Distínguense catro niveis:

- Moi alto: 4
- Alto: 3
- Medio: 2
- Baixo: 1

- Moi baixo: 0,5

C5, coeficiente de exclusividade de utilización do solo público: variará en función de se, no período de referencia, se utiliza o solo de xeito permanente e exclusivo que impida outros usos alternativos continuos do solo público durante o exercicio, ou se se utiliza de forma ocasional ou temporal.

1) Ocupación permanente do solo ou voo ou subsolo: 2
Para ocupacións que excedan de 6 meses ao ano.

2) Ocupación ocasional ou temporal: 1,5.
Para ocupacións de períodos de 1 mes a 6 meses

3) Ocupación moi ocasional: 1
Períodos inferiores a 1 mes.

C6, coeficiente de frecuencia de uso do solo público: variará en función da frecuencia na que se utilice o solo ao longo do período e será maior canto máis elementos ou unidades se sirvan do aproveitamento. No caso de non poder determinarse o número de posibles elementos ou unidades que fan uso do aproveitamento, utilizarase o coeficiente intermedio “ - Ata 100 elementos: 0,97

- Ata 4 elementos: 0,64
- Ata 10 elementos: 0,76
- Ata 25 elementos: 0,86
- Ata 50 elementos: 0,90
- Ata 100 elementos: 0,97
- Ata 150 elementos: 1,12
- Ata 200 elementos: 1,26
- Máis de 200 elementos: 1,40

C7, coeficiente corrector polo tipo de uso do solo público: este coeficiente aplicarase aos aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas da vía pública. Variará en función do peso dos vehículos que realicen o aproveitamento, e será maior canto maior sexa o peso do vehículo, por causar maior deterioro da vía pública:

- Uso normal (automóviles): 0,50
- Uso notable (vehículos <3000 Kgr): 1,00
- Uso alto (camións): 2,00

C8. Coeficiente reductor por horario laboral: este coeficiente aplicarase aos aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas da vía pública e se aplicará aos aproveitamentos especiais da vía pública por tempo inferior a un día completo, sendo $C8 = n/24$ (n é o número de horas ou fracción que dura a utilización do solo público). Nestes supostos o aproveitamento realízase unicamente durante 12 horas cada día laborable.

2. Cálculo individualizado de cada tarifa

2.1 Ordenanza fiscal núm. 152, reguladora das taxas por aproveitamentos especiais da vía pública.

Epígrafe B: Valados, puntais, estadas e outras instalacións axeitadas para a protección da vía pública das obras lindeiras.

Por m² ou fracción e cada 15 días ou fracción:

Categoría da rúa	M	C1	C2	C3	C4	C5	Tarifa
1ª categoría	15,42 €/m ²	15/365	1 m ²	3	2	1	3,80 €
2ª categoría	8,25 €/m ²	15/365	1 m ²	3	2	1	2,03 €
3ª categoría	4,74 €/m ²	15/365	1 m ²	3	2	1	1,17 €
4ª categoría	1,37 €/m ²	15/365	1 m ²	3	2	1	0,34 €
5ª categoría	0,70 €/m ²	15/365	1 m ²	3	2	1	0,17 €

Epígrafe C:

a) Areas, materiais de construción, camións bombeadores de formigón, silos, plataformas elevadoras, estadas eléctricas monomástil e outros:

Por m² ou fracción e día ou fracción:

Categoría da rúa	M	C1	C2	C3	C4	C5	Tarifa
1ª categoría	15,42 €/m ²	1/365	1 m ²	3	2	1,00	0,25 €
2ª categoría	8,25 €/m ²	1/365	1 m ²	3	2	1,00	0,14 €
3ª categoría	4,74 €/m ²	1/365	1 m ²	3	2	1,00	0,08 €
4ª categoría	1,37 €/m ²	1/365	1 m ²	3	2	1,00	0,02 €
5ª categoría	0,70 €/m ²	1/365	1 m ²	3	2	1,00	0,01 €

b) Colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, que se esixirá en réxime de autoliquidación:

Colectores: Por m² ou fracción e día ou fracción:

Categoría da rúa	M	C1	C2	C3	C4	C5	Tarifa
1ª categoría	15,42 €/m ²	1/365	1 m ²	3	2	1,00	0,25 €
2ª categoría	8,25 €/m ²	1/365	1 m ²	3	2	1,00	0,14 €
3ª categoría	4,74 €/m ²	1/365	1 m ²	3	2	1,00	0,08 €
4ª categoría	1,37 €/m ²	1/365	1 m ²	3	2	1,00	0,02 €
5ª categoría	0,70 €/m ²	1/365	1 m ²	3	2	1,00	0,01 €

Sacos (ata 1,2 x 1,2 m²): Por día ou fracción:

Categoría da rúa	M	C1	C2	C3	C4	C5	Tarifa
1ª categoría	15,42 €/m ²	1/365	1,44 m ²	3	2	1,00	0,37 €
2ª categoría	8,25 €/m ²	1/365	1,44 m ²	3	2	1,00	0,20 €
3ª categoría	4,74 €/m ²	1/365	1,44 m ²	3	2	1,00	0,11 €
4ª categoría	1,37 €/m ²	1/365	1,44 m ²	3	2	1,00	0,03 €
5ª categoría	0,70 €/m ²	1/365	1,44 m ²	3	2	1,00	0,02 €

Epígrafe D: Mesas e cadeiras provistas ou non de toldos ou elementos semellantes para protección.

a) Tarifa anual (ano natural), por cada m² ou fracción de terreo de uso público:

Categoría da rúa	M	C1	C2	C3	C4	C5	Tarifa
1ª categoría	15,42 €/m ²	365/365	1 m ²	2	0,50	2,00	30,84€
2ª categoría	8,25 €/m ²	365/365	1 m ²	2	0,50	2,00	16,50€
3ª categoría	4,74 €/m ²	365/365	1 m ²	2	0,50	2,00	9,48€
4ª categoría	1,37 €/m ²	365/365	1 m ²	2	0,50	2,00	2,74€
5ª categoría	0,70 €/m ²	365/365	1 m ²	2	0,50	2,00	1,40€

b) Tarifa semestral (de maio a outubro, ambos inclusive), por cada m² ou fracción de terreo de uso público:

Categoría da rúa	M	C1	C2	C3	C4	C5	Tarifa
1ª categoría	15,42 €/m ²	184/365	1 m ²	2	0,50	1,50	11,66
2ª categoría	8,25 €/m ²	184/365	1 m ²	2	0,50	1,50	6,24€
3ª categoría	4,74 €/m ²	184/365	1 m ²	2	0,50	1,50	3,58€
4ª categoría	1,37 €/m ²	184/365	1 m ²	2	0,50	1,50	1,04€
5ª categoría	0,70 €/m ²	184/365	1 m ²	2	0,50	1,50	0,53

c) Tarifa trimestral (de xullo a setembro, ambos inclusive), por cada m² ou fracción de terreo de uso público:

Categoría da rúa	M	C1	C2	C3	C4	C6	Tarifa
1ª categoría	15,42 €/m ²	92/365	1 m ²	2	0,50	1,50	5,83€
2ª categoría	8,25 €/m ²	92/365	1 m ²	2	0,50	1,50	3,12€
3ª categoría	4,74 €/m ²	92/365	1 m ²	2	0,50	1,50	1,79€
4ª categoría	1,37 €/m ²	92/365	1 m ²	2	0,50	1,50	0,52€
5ª categoría	0,70 €/m ²	92/365	1 m ²	2	0,50	1,50	0,26€

Epígrafe F: Ocupación do solo, voo e subsolo.

2) Aproveitamento do solo e voo da vía pública:

Grúas, grúas-torre ou instalacións análogas utilizadas na construción, instaladas na vía pública e cuio brazo ou pluma ocupe no seu percorrido calquera parte do voo da vía pública:

	M	C1	C2*	C3	C4	C5	Tarifa	Acumulado	
1ª categoría	Grúas, 1º mes	15,42 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	285,16 €	285,16 €
	Grúas, 2º mes	15,42 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	285,16 €	570,32 €
	Grúas, 3º mes	15,42 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	285,16 €	855,48 €
	Grúas, 4º mes	15,42 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	285,16 €	1.140,64 €
	Grúas, 5º mes	15,42 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	285,16 €	1.425,80 €
	Grúas, 6º mes	15,42 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	285,16 €	1.710,96 €
	Grúas por mes, a partires do 6º mes	15,42 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	2	380,22 €	
	M	C1	C2*	C3	C4	C6	Tarifa	Acumulado	
2ª categoría	Grúas, 1º mes	8,25 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	152,57 €	152,57 €
	Grúas, 2º mes	8,25 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	152,57 €	305,14 €
	Grúas, 3º mes	8,25 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	152,57 €	457,71 €
	Grúas, 4º mes	8,25 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	152,57 €	610,28 €
	Grúas, 5º mes	8,25 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	152,57 €	762,85 €

	Grúas, 6º mes	8,25 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	152,57 €	915,42 €
	Grúas por mes, a partires do 6º mes	8,25 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	2	203,42 €	
3ª categoría		M	C1	C2*	C3	C4	C6	Tarifa	Acumulado
	Grúas, 1º mes	4,74 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	87,66 €	87,66 €
	Grúas, 2º mes	4,74 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	87,66 €	175,32 €
	Grúas, 3º mes	4,74 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	87,66 €	262,98 €
	Grúas, 4º mes	4,74 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	87,66 €	350,64 €
	Grúas, 5º mes	4,74 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	87,66 €	438,30 €
	Grúas, 6º mes	4,74 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	87,66 €	525,96 €
	Grúas por mes, a partires do 6º mes	4,74 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	2	116,88 €	
		M	C1	C2*	C3	C4	C6	Tarifa	Acumulado
4ª categoría	Grúas, 1º mes	1,37 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	25,34 €	25,34 €
	Grúas, 2º mes	1,37 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	25,34 €	50,68 €
	Grúas, 3º mes	1,37 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	25,34 €	76,02 €
	Grúas, 4º mes	1,37 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	25,34 €	101,36 €
	Grúas, 5º mes	1,37 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	25,34 €	126,70 €
	Grúas, 6º mes	1,37 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	25,34 €	152,04 €
	Grúas por mes, a partires do 6º mes	1,37 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	2	33,78 €	
		M	C1	C2*	C3	C4	C6	Tarifa	Acumulado
5ª categoría	Grúas, 1º mes	0,70 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	12,95 €	12,95 €
	Grúas, 2º mes	0,70 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	12,95 €	25,90 €
	Grúas, 3º mes	0,70 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	12,95 €	38,85 €
	Grúas, 4º mes	0,70 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	12,95 €	51,80 €
	Grúas, 5º mes	0,70 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	12,95 €	64,75 €
	Grúas, 6º mes	0,70 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	1,5	12,95 €	77,70 €
	Grúas por mes, a partires do 6º mes	0,70 €/m ²	30/365	25 m ²	3	2	2	17,26 €	
		M	C1	C2*	C3	C4	C6	Tarifa	Acumulado

(*). O coeficiente C2 establécese cun valor de 25 m² por canto a instalación de guindastres na vía pública estanse autorizando cunha superficie de ocupación de 5,00 metros de ancho por 5,00 metros de lonxitude.

No caso de grúas, grúas-torre ou instalacións análogas utilizadas na construción, instaladas en terreos particulares e cuio brazo ou pluma ocupe no seu percorrido calquera parte do voo da vía pública, tributarán polo 75% das tarifas antes relacionadas, en aplicación da valoración do dereito de uso do voo da vía pública exclusivamente, como criterio admitido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en sentenza de data 14 de marzo de 2012 respecto dunha resolución do Xurado Provincial de Expropiación de Lugo.

2.2 Ordenanza fiscal núm. 153, reguladora das taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas de vía pública.

En primeiro lugar, é mester indicar que a superficie do aproveitamento especial da vía pública cunha entrada de vehículos correspóndese cunha meseta libre de obstáculos, composta da parte da beirarrúa situada diante da porta de acceso/saída do garaxe e da parte da calzada que podería ser ocupada por un vehículo estacionado diante da mesma de non existir o vao, a cal debemos convenir nun espazo mínimo de ocupación de 4 metros dende a liña de fachada. Deste xeito, o coeficiente C2 establécese para estes casos en 4, para posteriormente multiplicar polos metros lineais da porta de acceso/saída e así determinar os metros cadrados do aproveitamento.

Para as reservas especiais que autoricen o estacionamento de camións de mudanzas debemos convenir o valor do coeficiente C2 en 60 m² (20,00 metros de lonxitude x 3,00 metros de ancho), por corresponder a un espazo de ocupación autorizable da vía pública para un camiión grande (13,90 x 2,55) máis a instalación dun guindastre elevador (5,00 x 3,00).

Para os restantes aproveitamentos desta ordenanza establécese o valor 1, equivalente a 1 m², para multiplicar posteriormente polos metros cadrados autorizados.

Neste aproveitamento especial da vía pública non se van a considerar diferentes categorías fiscais das rúas, por entenderse que para este caso a utilidade derivada da utilización é idéntica con independencia da rúa na que se sitúe.

Epígrafe A: Con entradas de vehículos.

a) Pasaxe permanente para garaxes privados ou de comunidades de propietarios, edificios ou instalacións de equipamentos comunitarios de carácter sanitario: hospitais, ambulatorios, etc, edificios destinados a organismos oficiais, cando a súa natureza llo esixa, por metro lineal ou fracción e por ano:

	M	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	Tarifa
1. De 1 a 4 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	0,64	0,5	40,09 €
2. De 5 a 10 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	0,76	0,5	47,61 €
3. De 11 a 25 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	0,86	0,5	53,87 €
4. De 26 a 50 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	0,90	0,5	56,38 €
5. De 51 a 100 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	0,97	0,5	60,76 €
6. De 101 a 150 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	1,12	0,5	70,16 €
7. De 151 a 200 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	1,26	0,5	78,93 €
8. De máis de 200 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	1,40	0,5	87,70 €

b) Pasaxe comercial permanente para actividades comerciais como gasoleneiras, estacións de servizo, venda de carburantes, garaxes abertos ó público, establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal e clientes, e actividades equivalentes non suxeitas ó horario laboral das 8 ás 20 horas, agás domingos e festivos, por metro lineal ou fracción e por ano:

	M	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	Tarifa
1. De 1 a 10 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	0,76	1,00	95,21 €
2. De 11 a 25 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	0,86	1,00	107,74 €
3. De 26 a 50 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	0,90	1,00	112,75 €
4. De 51 a 100 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	0,97	1,00	121,52 €
5. De 101 a 150 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	1,12	1,00	140,31 €
6. De 151 a 200 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	1,26	1,00	157,85 €
7. De máis de 200 prazas.	2,61 €/m ²	365/365	4 m ²	3	2	2	1,40	1,00	175,39 €

c) Pasaxe comercial limitada para talleres, almacéns de empresa que teñan espazo para carga e descarga de mercadorías, concesionarios de automóviles, compravenda de vehículos, aluguer sen condutor e outras actividades de características análogas, con horario laboral das 8 ás 20 horas, agás domingos e festivos, por metro lineal ou fracción e por ano:

	M	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8	Tarifa
1. De 1 a 10 prazas.	2,61 €/m ²	299/365	4 m ²	3	2	2	0,76	1,00	0,50	39,00 €
2. De 11 a 25 prazas.	2,61 €/m ²	299/365	4 m ²	3	2	2	0,86	1,00	0,50	44,13 €
3. De 26 a 50 prazas.	2,61 €/m ²	299/365	4 m ²	3	2	2	0,90	1,00	0,50	46,18 €
4. De 51 a 100 prazas.	2,61 €/m ²	299/365	4 m ²	3	2	2	0,97	1,00	0,50	49,77 €
5. De máis de 100 prazas.	2,61 €/m ²	299/365	4 m ²	3	2	2	1,12	1,00	0,50	57,47 €

d) Pasaxe comercial limitada para obras de construción, derrubamento, reforma e reparación de edificios, con horario laboral das 8 ás 20 horas, agás domingos e festivos, por metro lineal ou fracción e por mes ou fracción:

M	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8	Tarifa
2,61 €/m ²	25/365	4 m ²	3,00	4	1,50	0,97	2,00	0,50	12,49 €

e) Pasaxe industrial para actividades sitas en polígonos destas características con vixencia as 24 horas, por metro lineal ou fracción e por ano:

As rúas dos polígonos industriais están todas cualificadas como de 5ª categoría fiscal, en consecuencia, tómase como valor de mercado "M" da utilidade do solo por categoría de rúa expresada en euros por metro cuadrado e ano a correspondente á dita categoría:

M	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	Tarifa
0,70 €/m ²	365/365	4 m ²	2,00	2	2,00	0,97	2,00	43,46 €

f) Para todos os puntos anteriores, calcularase como superficie máxima para praza de garaxe 20 m² ou fracción, coa excepción do parágrafo e) anterior.

g) Placas para pasaxes, segundo o custo da factura emitida pola empresa encargada da súa fabricación.

Epígrafe B: Reserva especial para estacionamento ou para carga e descarga de mercancías.

a) Reserva permanente, por metro cadrado ou fracción e por mes ou fracción:

M	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	Tarifa
2,61 €/m ²	30/365	1 m ²	3,00	4	1,50	0,97	2,00	7,49 €

As reservas permanentes que se concedan para a instalación de postes de suministro de electricidade a vehículos con propulsión eléctrica (electrolíñeiras), aplicaráselles un coeficiente corrector do 0,5 na cota resultante da aplicación desta tarifa.

b) Reservas permanentes que autoricen o estacionamento de ambulancias diante dos centros sanitarios, centros de saúde e mutuas sanitarias, por metro cadrado ou fracción ao ano:

M	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	Tarifa
2,61 €/m ²	365/365	1 m ²	3,00	2	2,00	0,97	1,00	30,38 €

c) Reserva limitada a días laborables, con horario de 8 a 20 horas, por metro cadrado ou fracción e por mes ou fracción:

M	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8	Tarifa
2,61 €/m ²	25/365	1 m ²	3,00	4	1,50	0,97	2,00	0,50	3,12 €

d) Reserva limitada para obras de construción, derrubamento, reforma e reparación de edificios, días laborables con horario de 8 a 20 horas, por metro cadrado ou fracción e por mes ou fracción:

M	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8	Tarifa
2,61 €/m ²	25/365	1 m ²	3,00	4	1,50	0,97	2,00	0,50	3,12 €

e) Polo sinal de tráfico R-307, que prohíbe o estacionamento de vehículos na zona de reserva, se deberá aboar o importe de 130,09 €.

f) Reservas especiais que autoricen o estacionamento de camiões de mudanzas, por vehículo e día:

M	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	Tarifa
---	----	----	----	----	----	----	----	--------

2,61 €/m ²	1/365	60 m ²	3,00	4	1,00	0,64	2,00	6,59 €
-----------------------	-------	-------------------	------	---	------	------	------	--------

Asinado dixitalmente por Isabel Carbonés Bosch, Xefa do Servizo de Facenda Local, na data que se indica á marxe.